

Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

En Vigo, na sede da *Editorial Galaxia, S.A.*, ás 10.30 horas do día 20 de xaneiro de 2010, coa asistencia de Pilar Sampil Sanchez e Carlos del Pulgar Sabín, en representación da *Asociación Galega de Editores* e de Fernando Fernández González e Jesús Costa Argibay, en representación do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), ten lugar a reunión da comisión mixta paritaria do convenio galego de editoriais, coa seguinte orde do día:

1º.-Táboa salarial ano 2010.

Adoptanse os seguintes acordos:

1º.-Táboa salarial ano 2010.

Consonte os artigos 48º.-Salario mínimo anual, 49º.-Salario Base, 50º.-Complemento lineal, 51º.-Gratificacións extraordinarias e 52º.-Paga de beneficios, do convenio colectivo galego de editoriais, establécese que:

Con efecto desde o 1 de xaneiro de 2010, a comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais acorda proceder ao aumento do salario mínimo anual, no IPC real do ano 2009 que para Galicia calculase o Instituto Nacional de Estatística, 0,9% máis 0,25%, consonte a táboa salarial anexa .

O que, de conformidade con esta acta, asinamos en Vigo, o 20 de xaneiro de 2010.

Pola organización sindical CIG:

Jesús Costa Argibay

Fernando Fernández González

Pola *Asociación Galega de Editores*:

Pilar Sampil Sánchez

Carlos del Pulgar Sabín

Convenio Galego de Editoriais
Salario mínimo anual ano 2010
Incremento salarial do 1,15%

Nivel salarial	Salario base mensual	Salario base 14 mensualidades	Paga de beneficios	Complemento lineal	Salario mínimo anual
1	1.744,59 €	24.424,33 €	1.977,21 €	4.148,43 €	30.549,97 €
2	1.386,73 €	19.414,16 €	1.571,62 €	4.148,43 €	25.134,22 €
3	1.342,00 €	18.787,97 €	1.520,93 €	4.148,43 €	24.457,33 €
4	1.252,53 €	17.535,42 €	1.419,53 €	4.148,43 €	23.103,39 €
5	1.163,06 €	16.282,88 €	1.318,14 €	4.148,43 €	21.749,46 €
6	1.073,60 €	15.030,34 €	1.216,74 €	4.148,43 €	20.395,52 €
7	1.028,87 €	14.404,14 €	1.166,05 €	4.148,43 €	19.718,63 €
8	939,40 €	13.151,60 €	1.064,65 €	4.148,43 €	18.364,69 €
9	894,66 €	12.525,26 €	1.013,95 €	4.148,43 €	17.687,65 €
10	849,93 €	11.899,06 €	963,26 €	4.148,43 €	17.010,76 €
11	760,48 €	10.646,66 €	861,87 €	4.148,43 €	15.656,97 €
12	657,58 €	9.206,07 €	745,25 €	4.148,43 €	14.099,75 €
13	599,43 €	8.391,95 €	679,35 €	4.148,43 €	13.219,73 €

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convoca a fase autonómica do concurso de premios sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 5: Ti, de que vas? A min mórame o consumo responsable.

Segundo se dispón na Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, unha das funcións deste organismo é a de impulsar a formación da cidadanía como persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nas distintas etapas e niveis do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), fai referencia á concepción da educación como instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva é a necesidade de ofertar ao alumnado unha formación que permita dar resposta ás cambiantes necesidades e ás demandas que presentan as persoas e os grupos sociais.

A educación para o consumo é fundamentalmente unha educación social e cidadá, que incide na comunidade e representa un medio para avanzar cara a unha cidadanía máis crítica, autónoma, consciente dos seus dereitos e responsabilidades, que lles permita actuar nunha sociedade globalizada e cambiante.

Promover a educación para o consumo nos centros educativos da comunidade autónoma é, polo tanto, un interese do Instituto Galego de Consumo, co obxecto de que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras, actuando no mercado de forma autónoma, responsable e solidaria.

En consonancia con estes principios, o Instituto Galego de Consumo participa na organización do

concurso Consumópolis, conxuntamente co Instituto Nacional del Consumo e dezaseis comunidades autónomas. Este concurso ten como obxectivo o desenvolvemento de actividades que promovan, entre os máis novos, hábitos de consumo responsable fomentando a participación dos centros educativos a través do profesorado e alumnado, en actividades relacionadas coa educación para o consumo.

A primeira fase do concurso, consistente nun xogo pedagóxico virtual, desenvolveuse entre o 26 de outubro e o 14 de decembro do ano 2009.

Unha vez rematada a fase de xogo, corresponde ao Instituto Galego de Consumo, adscrito á Consellería de Economía e Industria, convocar a fase autonómica do concurso, co obxecto de seleccionar os gañadores que representen á Comunidade Autónoma de Galicia na fase estatal.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto convocar e regular a fase autonómica do Concurso Escolar 2009-2010 Consumópolis 5 sobre consumo responsable *Ti, de que vas? A min mólame o consumo responsable.*

A fase autonómica do concurso consiste na realización dun álbum virtual integrado por cinco fotografías que reflectan a súa visión sobre distintos aspectos do consumo responsable.

Artigo 2º.-*Dotación económica.*

1. Concederanse tres premios de 1.000, 600 e 300 euros para os traballos clasificados respectivamente en primeiro, segundo e terceiro lugar por cada un dos niveis de participación seguintes:

- a) Alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria.
- b) Alumnado de 1º e 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- c) Alumnado de 3º e 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Ademais, todos os membros do equipo recibirán un diploma acreditativo como gañadores.

2. Os traballos clasificados en primeiro lugar en cada un dos niveis representarán a Comunidade Autónoma na fase estatal que terá lugar en Madrid.

3. Os premios faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2010, no que existe crédito axeitado e suficiente.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán participar nesta fase autonómica todos aqueles equipos constituídos por cinco alumnos ou alumnas de idades comprendidas entre 10 e 16 anos coordinados por un profesor ou profesora, que estivesen inscritos previamente e que rematasen a primeira parte do concurso realizada a través da páxina web

que soporta o xogo e que ten achega desde a web do Instituto Galego de Consumo (www.igc.xunta.es).

2. Un mesmo profesor ou profesora poderá coordinar máis dun equipo dun mesmo ciclo.

3. Cada equipo deberá presentar un único álbum, non existirá límite para o número de grupos que se formará en cada centro educativo.

4. Os niveis de participación establecidos son:

-Alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria (de 10 a 12 anos).

-Alumnado de 1º e 2º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (de 12 a 14 anos).

-Alumnado de 3º e 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (de 14 a 16 anos).

Artigo 4º.-*Prazo de presentación.*

O prazo para a presentación dos traballos comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 20 de marzo de 2010.

Artigo 5º.-*Presentación das solicitudes e documentación.*

1. Os traballos que se presenten irán acompañados da seguinte documentación:

a) Solicitud asinada pola dirección do centro escolar conforme o modelo que figura como anexo I desta resolución.

b) Unha copia en soporte dixital do álbum virtual que se presenta ao concurso, segundo as características establecidas no artigo 6º A) desta resolución.

c) Memoria descritiva realizada polo alumnado participante sobre como se organizaron para a realización do álbum en ambas as dúas fases, segundo as características establecidas no artigo 6º B) desta resolución.

Os traballos presentaranse en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os concursantes presentarán a documentación indicada por duplicado nos rexistros dos servizos provinciais do Instituto Galego de Consumo ou polas canles establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción dada pola Lei 4/1999. No caso de proceder ao envío certificado por correo, a instancia que se debe xuntar ao traballo estará datada e cuñada pola oficina de correos previamente á súa certificación.

Artigo 6º.-*Características dos álbums.*

Para poder participar nesta convocatoria é necesario completar a primeira fase do xogo por parte de todos os integrantes de cada equipo. Unha vez rematada a fase de xogo, cada equipo participante deberá

realizar un álbum en equipo coas seguintes características:

A. Cada álbum constará de cinco fotografías sobre os distintos temas do consumo responsable que se traballan no concurso, será obrigatorio que canto menos tres das fotografías traten os seguintes aspectos:

-O consumo reflexivo: a información á hora de consumir. O aforro e gasto familiar: o meu orzamento.

-O consumo e o uso das tecnoloxías (TIC): aparellos electrónicos, internet, etc.

-O consumo sustentable (co medio) e solidario (comercio xusto).

As fotografías deberán ser orixinais, tomadas por algún membro do equipo, e cada unha delas estará identificada cun título. Deben ter un peso máximo de aproximadamente 3MB, poderán ter calquera dos seguintes formatos: jpeg, bmp, ng, gif e tif. As proporcións das fotos poden ser 4x3 ou 3x4.

As fotografías non poderán incluír publicidade nin marcas de produtos ou servizos. Tampouco reflectirán imaxes ou contidos sexistas, racistas ou calquera outro contrario aos valores da escola actual.

A cada foto asociaráselle unha tarxeta descritiva que inclúa:

-Título: específico para a fotografía.

-Tema: definir nunha frase de que trata a imaxe.

-Campo aberto: breve texto explicativo (máximo 350 palabras) nalgunha das formas literarias máis comúns (poesía, conto, ensaio, artigo, etc.), facendo un comentario sobre a relación da imaxe co título e co tema.

B. Elaboración, polo alumnado participante, dunha memoria en soporte papel e dixital, cunha extensión máxima de 5 páxinas, na que se expoña como foi a participación do equipo no percorrido do xogo Consumópolis 5: *Ti, de que vas? A min mórame o consumo responsable* na que se explique como mínimo:

-A organización do equipo para a resolución das probas do xogo Consumópolis 5 e a documentación consultada.

-A organización do equipo para a elaboración do álbum, as fontes documentais consultadas e os materiais utilizados.

-Xuntarse, se é o caso, anexo fotográfico das actividades realizadas polo alumnado durante a experiencia.

A memoria realizaranse en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez rematada a realización do álbum poderase imprimir a ficha virtual do álbum, documento que contén os datos do álbum virtual: referencia / nome do equipo / compoñentes / título do álbum. O profesorado coordinador será o encargado de imprimir este documento e de enviálo ao Instituto Galego de Consumo xunto coa solicitude de participación

segundo se indica no artigo 5º desta resolución. Con este documento o xurado poderá acceder ao álbum e proceder á súa avaliación.

Artigo 7º.-*Xurado.*

1. Os traballos que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado constituído por:

-Presidenta:

-A presidenta do Instituto Galego de Consumo ou persoa na que delegue.

-Vicepresidenta:

-A xerente do Instituto Galego de Consumo ou persoa na que delegue.

-Vogais:

-Un/unha asesor/a docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Un funcionario ou funcionaria do Instituto Galego de Consumo.

-Secretaria:

-A xefa de Sección de Educación e Formación do Instituto Galego de Consumo.

2. O funcionamento do xurado estará regulado polas normas contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O xurado terá facultades para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das bases desta convocatoria.

3. O xurado, de ser necesario, poderá contar co asesoramento de especialistas.

4. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos. Non obstante, o xurado poderá determinar a redistribución da contía dos declarados desertos se as características dos traballos así o permiten.

Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

Para a selección dos traballos con dereito a premio, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

a) A puntuación obtida no xogo pedagóxico Consumópolis 5: *Ti, de que vas? A min mórame o consumo responsable*, que representará o 40% da puntuación total a conseguir por cada equipo. A avaliación das probas incluídas no xogo interactivo a través da internet Consumópolis 5 quedará establecida de forma automática polo propio sistema.

b) O álbum virtual suporá o 60% da puntuación total a conseguir por cada equipo, téndose en conta para a súa avaliación os criterios seguintes:

-Harmonía e adecuación dos textos ás fotografías e do conxunto ao tema do Consumo responsable: 40%

-A orixinalidade de fotos e textos: 40%.

-Deseño, estrutura e composición do traballo: 15%.

-A memoria suporá: 5%.

Artigo 9º.-Certificación.

Para os traballos presentados e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria, o Instituto Galego de Consumo solicitará da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o recoñecemento ao profesorado coordinador, se a calidade do traballo así o xustifica, e mediante a expedición dun certificado persoal, das horas de innovación realizadas ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 10º.-Pagamento dos premios.

1. O pagamento dos premios, por unha contía máxima de 5.700 euros, farase con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.613B.640.0 dos orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2010, onde existe crédito axeitado e suficiente.

2. Os traballos clasificados en primeiro lugar en cada un dos niveis representarán á Comunidade Autónoma na fase estatal a celebrar en Madrid.

3. Os/as destinatarios/as dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar a modificacións da resolución de concesión.

5. Así mesmo, en caso de incumprimento de calquera das condicións establecidas para a súa concesión, existirá a obriga de reintegro total ou parcial do premio percibido.

Artigo 11º.-Difusión e publicación.

1. O Instituto Galego de Consumo poderá proceder á reprodución, publicación e divulgación dos traballos premiados, que quedarán na súa propiedade, agás os clasificados en primeiro lugar de cada categoría que concursarán na fase estatal.

2. Os gañadores quedan na obriga de asumir as responsabilidades que poidesen resultar da utilización dos textos, imaxes e outros elementos creativos achegados na realización do traballo e nos que a propiedade sexa de terceiras persoas ou entidades alleas a esta convocatoria.

3. A participación de menores nas distintas reportaxes fotográficas que formen parte do traballo deberá contar coa autorización por escrito dos pais ou titores.

4. A participación na correspondente convocatoria supón a aceptación de todas as bases, así como a cesión ao Instituto Galego de Consumo do dereito de propiedade intelectual dos traballos premiados nos que poderán introducirse as variacións que se consideren máis axeitadas para a súa finalidade.

Artigo 12º.-Retirada da documentación.

As persoas interesadas ou quen as representen poderán solicitar a retirada dos traballos non premiados da páxina web que soporta o concurso, no prazo dos trinta días naturais seguintes ao da publicación

da resolución de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*, en caso contrario quedarán expostos de forma permanente mentres se manteña o concurso.

Artigo 13º.-Resolución.

1. As solicitudes entenderanse desestimadas se non fosen resoltas no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A proposta de concesión de premios emitida polo xurado elevaráselle á presidenta do Instituto Galego de Consumo para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Contra as resolucións que se diten ao abeiro desta convocatoria, que poñerán fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou ou debeu ditala no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o establecido na Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou a resolución, se é expresa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, se é o caso, calquera outro, que consideren procedente.

Artigo 14º.-Réxime de recursos.

Esta resolución poderá ser impugnada potestativamente, ante a presidenta do Instituto Galego de Consumo, mediante recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso administrativo correspondente, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Facúltase a presidenta do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

María Nava Castro Domínguez
Presidenta do Instituto Galego de Consumo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO I



XACOBEO 2010
Galicia

PROCEDEMENTO CONCURSO PÚBLICO SOBRE CONSUMO RESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA CONSUMÓPOLIS 5FASE AUTONÓMICA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN114A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO ONDE SE DESENVOLVEU O PROXECTO

DENOMINACIÓN		CIF DO CENTRO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> PÚBLICO		<input type="checkbox"/> PRIVADO	
<input type="checkbox"/> CONCERTADO		<input type="checkbox"/> NON CONCERTADO	
ENDERZO	BANCO	SUCURSAL	DC
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO TRABALLO DESENVOLVIDO

TÍTULO DO ÁLBUM	TIPO DE MATERIAL QUE PRESENTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOPORTES	ALCUME DO EQUIPO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CICLO ESCOLAR	
<input type="text"/>	

DATOS DOS PARTICIPANTES

COORDINADOR/A	DNI	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE		
<input type="text"/>		
ALUMNADO PARTICIPANTE		
NOME E APELIDOS	ALCUME	IDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS	ALCUME	IDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS	ALCUME	IDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS	ALCUME	IDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS	ALCUME	IDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Don/Dona , como coordinador/a do traballo , realizado polo equipo que presenta o centro escolar: , remite esta instancia xunto cos exemplares da revista nos distintos soportes (papel e dixital), a memoria e os anexos das actividades realizadas co fin de participar no concurso.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluíra igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convoca a fase autonómica do concurso de premios sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 5: Ti, de que vas? A min mólame o consumo responsable.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____		